



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE DECEMBRO DE 2013**

### **LICENZAS**

**LIC/1367/2008.- LUIS LÓPEZ TOIMIL.-** Autorizar a modificación da licenza de construción dunha vivenda unifamiliar outorgada en Xunta de Goberno Local de 23.03.2010, sita en Lg. Sanxuas Aríns.

### **PARCELACIÓNS**

**LIC/161/2010.- NOVIO MAS TABOADA Y ASOCIADOS, S.L.-** Conceder licenza de parcelamento en Lg. Piñeiro do Eixo.

### **RECURSO DE REPOSICION**

**LIC/1292/2013.- JOSÉ LUIS CANEDA FREIRE.-** Estimar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade do 10 de outubro de 2013, rectificación e concesión de prórroga da licenza concedida por acordo de 21 de setembro de 2010 para construción de vivenda unifamiliar en Lg. Sabugueira.

### **DEVOLUCIÓNS DE FIANZA**

**LIC/1699/2013.- MARÍA FREIRE PAIS** ..... LIC/934/2009 ..... 1.000 €

**LIC/1700/2013.- XOSÉ ANXO FREIRE PAIS** ..... LIC/935/2009 ..... 1.000 €

**LIC/1708/2013.- MARÍA GULDRIS OTERO** ..... LIC/50/2009 ..... 1.500 €

**LIC/1709/2013.- AMELIA MARIA LEAL MOSQUERA** ..... LIC/1896/2010 ..... 1.000 €

#### **4.- Recepción de obras.**

Recibiuse formalmente a obra de acondicionamento do campo da festa de Nemenzo.

#### **5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda, Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á corrección de erro no acordo nº 67 da sesión de data 12.12.2013.**

En relación á proposta de ampliación de horario nunha hora solicitado pola Asociación de Hostelería Compostela procédese á corrección de erros quedando autorizado a ampliación do horario de hostelería nunha hora máis dos días 12 de decembro de 2013 a 6 de xaneiro de 2014.

### **URXENCIAS**

#### **1.- Proposta do concelleiro delegado de Seguridade relativa á adxudicación do subministro de prendas de confección a medida para o persoal da Policía Local 2013.**

A XGL a proposta do Concelleiro de Seguridade aprobou adxudicar o contrato de subministro de prendas de confección a medida para o persoal da Policía Local 2013 á empresa SAGRES S.L.- PARTENÓN por un importe de 22.098,61 € máis o IVE de 4.640,71 €.

#### **2.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao pagamento de complemento de produtividade do segundo semestre 2013.**

A propostas da Concelleira de Persoal, a XGL tivo a ben aprobar o complemento de produtividade do segundo semestre de 2013 para os traballadores do Concello por un importe de 105.760,64 €. Este complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interés ou iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

#### **3.- Proposta da concelleira delegada de Informática relativa á inadmisión de recurso especial de contratación interposto por unha empresa e levantamento da suspensión da tramitación do procedemento acordado.**

Á vista do informe do Departamento de Contratación a XGL aprobou a proposta da Concellira de Informática mediante a cal non se admite o recurso especial en materia de contratación interposto pola UTE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU contra o acordo da XGL de adxudicar o contrato de Servizos Corporativos de Telecomunicacións á empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA SA.

O informe menciona que o xulgado desestimou a medida cautelar de suspensión do procedemento. Con este acordo queda levantado a suspensión do procedemento de adxudicación o cal seguirá o seu trámite ordinario.